ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013771	Fontecarmoa	Vilagarcía de Arousa	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CSAFD02	Acondicionamento físico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1148	Fitness en sala de adestramento polivalente	2024/2025	8	173	173

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LUIS GARRIGOS VILLALBA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRICULO DO CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TSAF. BORRADOR. INICIO TRAMITACIÒN: 29/05/2018. PENDENTE DE APROBACIÓN

O DECRETO PENDENTE DE APROBACIÓN TEN POR OBXECTO ESTABLECER O CURRICULO DE APLICACIÓN A NOSA COMUNIDADE ESTABLECIDO POLO REAL DECRETO 651/2017

ACTUALMENTE REXIDO POR:

ORDEN EFP/ 923/2019 DO 4 SETEMBRO pola que se establece o curriculo do ciclo formativo de grado superior correspondente ao título de TSAF

REAL DECRETO 651/2017 DO 23 XUÑO polo que se establece o titulo de TSAF e se fixan aspectos basicos do curriculo

REAL DECRETO 1147/2011 DO 29 XULLO onde se establece a ordenación xeral da FP e definindo no seu artigo 9 a estructura dos titulos de FP e dos cursos de especialización , tomando como referente o catalogo Nacional de Cualificacións Profesionais

RESOLUCIÓN DO 7 DE XULLO 2023 DA DIRECCIÓN XERAL DE FP pola que se dictan instrucions para o desenvolvemento das ensinanza de FP do sistema eductivo curso 23/24

Real decreto 500/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos que establecen títulos de grao superior de Formación Profesional e establecen as súas ensinanzas mínimas.

A competencia xeral do título de técnico superior en Acondicionamento Físico consiste en elaborar, coordinar, desenvolver e avaliar programas de acondicionamento físico para todos os tipos de persoas usuarias e en diferentes espazos de práctica, dinamizando as actividades e orientándoas cara á mellora da calidade de vida e a saúde, garantindo a seguridade e aplicando criterios de calidade, tanto no proceso como nos resultados do servizo.

As persoas que obteñen o título de técnico superior en Acondicionamento Físico exercen a súa actividade tanto no ámbito público (xa sexa na Administración xeral do Estado ou nas administracións autonómica ou local) como en entidades de carácter privado, en ximnasios, empresas de servizos deportivos, padroados deportivos ou entidades deportivas municipais, clubs ou asociacións deportivas ou de carácter social, empresas turísticas (hoteis, cámpings e balnearios, etc.), grandes empresas con servizos deportivos para os/as empregados/as, centros xeriátricos ou de carácter social, federacións deportivas ou organismos públicos de deportes (deputacións e direccións xerais de deporte, etc.).

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Adestrador/a de acondicionamento físico nas salas de adestramento polivalente de ximnasios ou polideportivos, e en instalacións acuáticas.
- Adestrador/a de acondicionamento físico para grupos con soporte musical en ximnasios, instalacións acuáticas e polideportivos.
- Adestrador/a persoal.
- Instrutor/a grupos de hidrocinesia e coidado corporal.
- Promotor/a de actividades de acondicionamento físico.
- Animador/a de actividades de acondicionamento físico.
- Coordinador/a de actividades de acondicionamento físico e de hidrocinesia.

- Monitor/a de aeróbic, de step, de ciclo indoor, de fitness acuático e de actividades afíns.
- Instrutor/a das actividades de acondicionamento físico para colectivos especiais.

Tendo en conta que a concreción curricular son todas as decisións que van adaptándose á situación concreta do CIFP Fontecarmoa. Limitaremonos a seguir o deseño curricular base como primeiro nivel, concretaremos o segundo nivel co plan do centro, co seu proxecto curricular e por ultimo adaptaremos a concrecciòn curricular segundo as necesidades . interese e características dos alumnos/as de clase.
Tendo isto presente, teremos que reflexar na programaciòn anual unha flexibilidade propia ás necesidades conforme a nosa sociedade cambie polo que este documento tentaremos, a medida que avance o curso, complementalo, revisándolo e mellorándoo ano a ano e mes a mes, reflexionando sobre o que funciona ou non segundo os seguintes obxectivos:

- comprobar que o alumno asimilou e é capaz de integrar, sintentizar e aplicalos coñecementos teórico-prácticos adquiridos perante o proceso formativo
- Desempeñar unha actividade profesional no campo propio do Acondicionamento Fìsico na no marco propio do Tecnico Superior en Acondicionamento Fìsico

O curriculo sera un medio mediante o cal se planifica o proceso de ensino-aprendizaxe nun prazo determinado e , dito curriculo será aberto, flexible e dinámico.
Atendendo a competencia xeral do titulo de tecnico superior en Acondicionamento Físico, que consiste en elaborar, coordinar, desenvolver e avaliar programas de acondicionamento físico para todas as persoas usuarias e en diferentes espazos de práctica, dinamizando as actividades e orientandoas cara a mellora da calidade de vida e saúde , gararantindo a seguridade e aplicando criterios de calidade, tanto no proceso como nos resultados do servizo

-

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Coordinación de actividades, seguridade e prevención na sala de adestramento polivalente	Analizaranse as instalación, aparellos, máquinas dunha sala de adestramento polivalente, planificaranse actividades de fitness, xestión e coordinación de actividades, plans de emrxencia y prevención en instalacions.	25	15
2	Prescrición do exercicio nunha sala de adestramento polivalente	Organizaranse sesións a partir do programa de adestramento, prescrición de exercicios e mellora das diferentes capacidades físicas, secuencia e rutina de exercicios, estratexias de comunicación, recursos informaticos e avaliación de programas	42	25
3	Técnica de exercicios de acondicionamento físico	Describiranse e demostraranse técnicas de execución de exercicios de acondicionamento físico, adaptacións, localizacións e funcións musculares, execución e utilización de materiais e máquinas e adaptacións ao exercicio físico	50	25
4	Dinamización de sesións de adestramento nunha sala de adestramento polivalente	Aplicaranse procedementos de mantenemento operativo de máquinas, equipamentos e materiais na sala de adestramanto polivalente, Técnicas de dinamización de sesións de adestramento; control de espazos, demostracións como recursos didácticos.	33	20

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
5	Organización e dinamización de eventos no ámbito do fitness	Planificaranse eventos, competicións de fitness, accións promocionais dos eventos de acondicionamento físico, organización e xestión de recursos, coordinación de recursos humanos, dinamización de eventos e técnicas de avaliación de proxectos de fitness.	23	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Coordinación de actividades, seguridade e prevención na sala de adestramento polivalente	25

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as actividades dunha sala de adestramento polivalente, establecendo as pautas que garantan a adecuación dos recursos ás actividades, a seguridade e a optimización de uso da instalación	SI
RA6 - Aplica as medidas de seguridade e os plans de emerxencia na sala de adestramento polivalente, valorando as condicións e realizando a prevención dos factores de risco	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Inventariouse a dotación da sala de adestramento polivalente, analizando os requisitos das actividades e os eventos de acondicionamento físico, á luz das últimas tendencias do sector e dos intereses do público obxectivo
CA1.2 Definíronse criterios para organizar a oferta das actividades de acondicionamento físico e dos eventos nunha sala de adestramento polivalente
CA1.3 Enumeráronse as xestións para a organización de eventos, competicións e concursos na sala de adestramento polivalente
CA1.4 Deseñouse un plan para a coordinación coas áreas e o persoal técnico implicado no uso dunha sala de adestramento polivalente
CA1.5 Analizáronse as condicións de accesibilidade á sala de adestramento polivalente para que poidan participar nas actividades de acondicionamento físico persoas con necesidades específicas relativas á mobilidade
CA1.6 Establecéronse os procedementos de detección e corrección de anomalías dos elementos específicos na dotación dunha sala de adestramento polivalente
CA1.7 Estableceuse o procedemento de avaliación da calidade do funcionamento dunha sala de adestramento polivalente

Criterios de avaliación
CA6.1 Identificáronse e describíronse os plans de emerxencia dunha instalación deportiva e dunha sala de adestramento polivalente en particular
CA6.2 Establecéronse procedementos de seguridade e prevención de riscos relativos á súa área de responsabilidade nas actividades de acondicionamento físico nunha sala de adestramento polivalente
CA6.3 Inventariáronse os medios materiais necesarios nun plan de emerxencia para unha sala de adestramento polivalente
CA6.4 Relacionáronse a asignación de funcións e as instrucións ao persoal dunha instalación deportiva en xeral e, en particular, da sala de adestramento polivalente
CA6.5 Dirixíronse situacións simuladas de evacuación dunha sala de adestramento polivalente
CA6.6 Relacionouse a lexislación básica sobre seguridade e saúde laboral co exercicio profesional nas actividades de acondicionamento físico en sala de adestramento polivalente
CA6.7 Describíronse as características e as condicións de seguridade dos diferentes aspectos das actividades de acondicionamento físico nunha sala de adestramento polivalente

4.1.e) Contidos

Contidos
Instalacións, máquinas, aparellos e elementos propios dunha sala de adestramento polivalente. Áreas de acondicionamento. Dotación e distribución de máquinas e aparellos. Accesos, desprazamentos e barreiras arquitectónicas dentro dunha sala de adestramento
Mantemento preventivo, operativo e correctivo básico en peso libre, máquinas de resistencia dinámica variable selectorizadas, poleas, máquinas pneumáticas, máquinas magnéticas, máquinas isocinéticas, máquinas de adestramento cardiovascular, materiais de a
Planificación de actividades de fitness. Principios da planificación de actividades en instalacións de fitness. Técnicas para a planificación das actividades de fitness en distintos ámbitos: idade escolar, persoas adultas, maiores de 50 anos, colectivos e
Xestión e coordinación de actividades da sala de adestramento polivalente. Interacción e coordinación de oferta de actividades. Xestión de espazos. Organización e xestión dos recursos. Control do mantemento.
Plan de calidade. Procedementos de avaliación.
Plan de emerxencia. Plan de evacuación: deseño e posta en práctica (simulacros). Soportes informativos. Coordinación con diferentes profesionais e servizos. Avaliación do plan de emerxencia
Prevención e seguridade. Lexislación básica e específica sobre seguridade e prevención na sala de adestramento polivalente. Seguridade de persoas, de bens e de actividades dunha sala de adestramento polivalente. Normativa de aplicación en materia de segur
Medidas de protección ambiental, e de seguridade e saúde laboral.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Prescrición do exercicio nunha sala de adestramento polivalente	42

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Deseña programas de acondicionamento físico, tendo en conta os datos da valoración da condición física da persoa usuaria e os medios dispoñibles na sala de adestramento polivalente	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Establecéronse criterios de formulación de obxectivos de mellora ou mantemento da condición física, en función do diagnóstico inicial, da evolución da persoa usuaria e dos medios dispoñibles
CA2.2 Seleccionáronse os medios e métodos de adestramento idóneos para o desenvolvemento do programa de acondicionamento físico, en relación cos obxectivos deste
CA2.3 Cuantificáronse segundo criterios científicos a frecuencia, o volume e a intensidade da carga de traballo, así como calquera outro parámetro definitorio do proceso de adestramento deportivo, en función dos obxectivos formulados no programa de acondicionam
CA2.4 Analizáronse os espazos, os equipamentos, os materiais, o equipamento persoal e calquera outro recurso complementario para o programa de acondicionamento físico na sala de adestramento polivalente, en condicións de seguridade
CA2.5 Identificáronse as medidas complementarias en función do tipo de programa de acondicionamento físico e dos intereses da persoa usuaria
CA2.6 Establecéronse as estratexias de instrución e de comunicación, e as adaptacións destas, para facilitar a motivación e a atención a diferentes tipos de persoas usuarias
CA2.7 Utilizáronse as tecnoloxías da información e a comunicación, e as aplicacións informáticas específicas para a elaboración dos programas
CA2.8 Definiuse o procedemento de avaliación do programa de acondicionamento físico desenvolvido na sala de adestramento polivalente

4.2.e) Contidos

Contidos
Organización e concreción das sesións a partir do programa de adestramento de referencia.
0Medidas complementarias en función das expectativas de diferentes perfís de persoas usuarias da sala de adestramento polivalente.
Recursos informáticos aplicados á elaboración de programas de adestramento na sala de adestramento polivalente.
Avaliación do programa de adestramento en sala de adestramento polivalente. Actividades e medios de avaliación de programas de adestramento en sala de adestramento polivalente. Uso dos datos de condición física na redefinición de obxectivos e na reorienta
Obxectivos de mellora da condición física relacionados coa idade.

Contidos
Desenvolvemento das capacidades físicas nos programas de fitness. Integración dos métodos e factores específicos de mellora. Recursos.
Prescrición do exercicio de forza nunha sala de adestramento polivalente. Conceptos relacionados: sobrecarga progresiva, especificidade, variación e impacto do aumento inicial de forza. Métodos de mellora da forza. Utilización dos recursos da sala de ades
Métodos para a mellora da flexibilidade e amplitude de movemento (ADM). Utilización dos recursos da sala de adestramento polivalente.
Métodos para a mellora da capacidade aeróbica. Utilización dos recursos da sala de adestramento polivalente. Programas e niveis nas máquinas de adestramento cardiovascular.
Exercicios para a mellora da capacidade aeróbica, a forza e a amplitude de movemento. Adecuación aos programas de adestramento de referencia e a diferentes perfís de persoas usuarias.
Secuencias e rutinas dos exercicios de resistencia, forza e amplitude de movemento. Combinación das cargas de traballo cos períodos de recuperación dos esforzos.
Estratexias de instrución e de comunicación.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Técnica de exercicios de acondicionamento físico	50

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Describe e executa as demostracións prácticas dos exercicios, así como o uso idóneo do material máis frecuente nas actividades de acondicionamento físico nunha sala de adestramento polivalente, salientando os puntos clave na prevención de lesións	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Describíronse e demostráronse exercicios de musculación e os aspectos para ter en conta durante a súa práctica
CA3.2 Describíronse e demostráronse exercicios de mellora da capacidade aeróbica e os aspectos para ter en conta durante a súa práctica
CA3.3 Describíronse e demostráronse exercicios de amplitude de movementos e os aspectos para ter en conta durante a súa práctica
CA3.4 Describíronse e demostráronse o uso e manexo dos aparellos e materiais da sala de adestramento polivalente, sinalando as precaucións para ter en conta na súa utilización

Criterios de avaliación
CA3.5 Realizáronse as adaptacións necesarias nos aparellos e nas máquinas dunha sala de adestramento polivalente, para que poidan ser utilizadas por persoas con dificultades no agarre ou no equilibrio, ou con mobilidade reducida

4.3.e) Contidos

Contidos
Técnica dos exercicios de acondicionamento físico en sala de adestramento polivalente. Precaucións na colocación da carga con respecto á hixiene da columna vertebral. Erros de execución.
Localizacións e funcións musculares nas fases do exercicio: músculos implicados, funcións e tipos de contracción.
Adaptacións nos exercicios de acondicionamento físico e no uso de máquinas e materiais da sala de adestramento polivalente para persoas con discapacidade.
Execución, exercicios tipo e variantes. Uso dos materiais e das máquinas, e erros e perigos máis frecuentes na súa utilización. Exercicios de musculación. Exercicios de estirada e mobilidade articular. Actividades cíclicas para a mellora cardiovascular co
Fatiga nas actividades e nos exercicios propios dunha sala de adestramento polivalente. Síntomas e signos de fatiga xeral e localizada. Sobrecarga muscular por repetición: medidas e accións de descarga.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Dinamización de sesións de adestramento nunha sala de adestramento polivalente	33

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Dirixe actividades de acondicionamento físico aplicando metodoloxías específicas para o seu desenvolvemento, no contexto dunha sala de adestramento polivalente	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Revisáronse a funcionalidade e as condicións de seguridade dos equipamentos e dos materiais da sala de adestramento polivalente

Criterios de avaliación
CA4.2 Utilizouse o tipo de linguaxe adecuado en función da actividade e do perfil das persoas usuarias
CA4.3 Supervisouse o cumprimento das recomendacións de uso das máquinas, os aparellos e os materiais da sala de adestramento polivalente por parte das persoas usuarias e as cargas mobilizadas
CA4.4 Corrixíronse os erros de execución nos exercicios propostos, con indicación das súas causas e a forma de execución correcta
CA4.5 Adaptáronse os parámetros das actividades que puidesen supor unha dificultade na execución ás persoas con discapacidade
CA4.6 Aplicáronse estratexias de intervención que favorecen a participación e a desinhibición das persoas participantes nas actividades da sala de adestramento polivalente
CA4.7 Indicáronse as medidas complementarias que a persoa usuaria pode seguir para optimizar os resultados do seu programa de acondicionamento físico
CA4.8 Valoráronse o proceso e os resultados que se foron alcanzando, interpretando os datos de avaliación consonte as especificacións previstas no programa de acondicionamento físico

4.4.e) Contidos

Contidos
Procedementos de mantemento operativo das máquinas, os equipamentos e os materiais da sala de adestramento polivalente.
Compoñentes do servizo para a captación e a fidelización das persoas usuarias.
Procedementos de control do uso de máquinas e materiais dunha sala de adestramento polivalente.
Técnicas de intervención para a dinamización de sesións de acondicionamento físico nunha sala de adestramento polivalente. Recursos e métodos para dinamizar a sesión. Estratexias de motivación: reforzos da percepción de logros e automotivación; música nas
Técnicas de comunicación ante distintos perfís de persoas usuarias.
Supervisión da execución dos exercicios de acondicionamento físico na sala de adestramento polivalente. Control do uso do espazo. Control dos puntos clave da execución dos exercicios que poden supor un perigo para a persoa usuaria. Utilización dos reforzo
Demostración como recurso didáctico. Demostración illada e asociada á explicación dos exercicios e á corrección da técnica de execución.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Organización e dinamización de eventos no ámbito do fitness	23

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Organiza eventos no ámbito do acondicionamento físico, e determina os factores implicados na súa promoción e na súa seguridade	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Elaboráronse programas de eventos de acondicionamento físico para diferentes tipos de instalacións e perfís de persoas usuarias
CA5.2 Valorouse o impacto promocional de cada tipo de eventos, tanto para a entidade como para as actividades de acondicionamento físico e para as persoas ou entidades patrocinadoras
CA5.3 Propuxéronse o tipo de información e os medios de difusión máis adecuados para publicitar o evento e animar a persoas usuarias ou non a participar nel ou a asistir
CA5.4 Organizáronse e distribuíronse os materiais para favorecer o acceso, a localización e a participación, tanto do público como do actorado circunstancial
CA5.5 Estableceuse o procedemento para a supervisión e o control dos diferentes aspectos do evento de acondicionamento físico
CA5.6 Prevíronse as vías de comunicación cos servizos auxiliares e as medidas de seguridade necesarias para previr continxencias
CA5.7 Propuxéronse e aplicáronse as técnicas de animación máis adecuadas para conseguir o éxito do evento canto a participación e satisfacción das persoas participantes

4.5.e) Contidos

Contidos
Planificación de eventos, competicións e concursos en fitness. Eventos no ámbito do fitness: concursos, competicións, exhibicións, celebracións, actividades e xogos de animación. Integración do evento na programación xeral da entidade. Adecuación dos tipos de eventos á idade, ás expectativas, ao nivel de condición física, ao número de participantes dos grupos, etc. Accións promocionais dos eventos de acondicionamento físico: obxectivos, soportes comúns e métodos de control. Organización e xestión dos recursos. Espazos e tempos das actividades. Previsión e procedementos de supervisión e control. Circulación de persoas e materiais. Previsións e procedementos de supervisión e control. Selección e coordinación de recursos humanos na organización de eventos no ámbito do fitness: estratexias e técnicas de selección; estratexias e técnicas de coordinación.

Contidos
Dinamización de eventos no ámbito do fitness. Estratexias e actitudes do persoal técnico para animar e motivar na interacción grupal. Funcións e fases de intervención do persoal dinamizador de eventos no ámbito do fitness. Presentación de actividades e co
Técnicas e instrumentos para a avaliación de proxectos de animación.
Aplicación das normas e das medidas de seguridade e prevención no desenvolvemento de eventos no ámbito do fitness: control de continxencias; medidas de intervención.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O módulo de Fitness en sala de adestramento polivalente está dividido en 5 unidades didacticas (UD).

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
DISTRIBUCIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS POR AVALIACIÓN:
-Primeira avaliación: UD 1, UD 2, UD 3
- Segunda avaliación: UD 3 UD 4 e UD5

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E PONDERACIÓN

1. Probas teóricas/ Traballos: 40%
2. Probas prácticas/traballos prácticos : 40%
3. Elaboración fichas practicas na AV: 20%

As probas teóricas (PE) serán probas de pregunta curta e poderá realizarse varias probas en cada avaliación para favorecer o aprendizaxe do alumnado.
As probas practicas (OU) serán valoradas por listas de cotexo o rubrica publicada na AV. As probas de execución práctica poderan ser grabadas para un análise e valoración mais detallada.
Os documentos prácticos serán a entrega do ficheiro dos exercicios de fitness desenrolados nas diferentes unidades didácticas , e dito documento será entregado en tempo e forma na aula virtual.

Do decimal 0 a 4 ambos inclusive, redondearase ate o número enteiro actual e de 5 a 9 aumentarase ao seguinte número enteiro, por exemplo, no caso dun 5,80 a nota do boletín será un 6, se fose 5,48 a nota do boletín será un 5.

NOTAS TRIMESTRAIS DA AVALIACIÓN:
A nota trimestral calcularase ponderando as notas medias aritmeticas obtidas nas unidades didácticas conforme a programación .

NOTA FINAL:
A nota final será a media aritmética ponderada das diferentes avaliacións.

MINIMOS EXIXIBLES:

- Deseñar, executar e dirixir unha sesión de adestramento funcional con exercicios de activación
- Deseñar, executar e dirixir unha sesión de adestramento de patróns de movemento de bisagra de cadeira e bisagra de xeonllo.
- Deseñar, executar e dirixir unha sesión de adestramento de patron de movemento de empuxe y tracción vertical.
- Deseñar, executar e dirixir unha sesión de adestramento de patron de movemento de empuxe y tracción horizontal.
- Planificar un evento o actividade de fitness

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Recuperación das probas teóricas, teórico-prácticas e/ou prácticas: O alumnado realizará outra proba similar ás realizadas durante o curso. Puntuarase de 0 a 10, atendendo as ponderacións fixadas.

* O alumnado que no superara as avaliacións se realizará unha proba de recuperación con parte teórica, práctica e entrega de traballos prácticos propostos coa mesma estrutura que as realizadas durante o curso. Cando a profesor/a o estime oportuno e sempre que sexa posible en función do tempo dispoñible e non se vexa afectado o desenvolvemento normal desta programación poderase acordar a realización desta

proba de recuperación antes das avaliacións correspondentes.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Como figura na resolución do 7 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrución para odesenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2023/2024 no seu artigo cuarto e conforme sedetermina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinadomódulo será do 10 % respecto da súa duración total.

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha única proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.
En todo caso, a perda ao dereito a avaliación continua non implicará a perda de dereito de asistencia a clases, de titorización.

* O alumnado que perda o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria que constará de:

- Proba escrita ou oral : 40%:
*Preguntas de desenvolvemento teórico ou teórico-práctico dos contidos traballados ao longo do curso e actividades de descrición e análise de exercicios.

- Parte Práctica: 60%:
* Supostos prácticos de deseño de sesións, deseño de exercicios, deseño , execución e dirección de patróns de movemento. As fichas dos patróns deben presentarse para dita avalación acorde a estructura fixada no desenvolvemento do curriculo do módulo. As probas practicas serán avaliadas por instrumentos de avaliación como rubricas .

Os alumnos de 2º curso: poderan facer una proba final antes da FCT ou en xuño, a escoller polo alumno/a.

* Consideracións importantes:

- Para determinar a perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente Normas de organización e funcionamento do centro.

- Cando as faltas de asistencia alcancen o 10% comunicaráselle a perda do dereito á avaliación continua. Perda da avaliación continua:

10% (+18 sesións). Apercibimento: 6% (+11 sesións)

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Segundo establece ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. [DOG Núm. 136 Venres, 15 de xullo de 2011] ; o Departamento ou no seu caso o equipo docente do ciclo, cunha frecuencia mínima mensual, fará o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. O referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo.

Farase conxunta co alumnado con enquisas sobre a labor docente, o grao de consecución dos obxectivos, o grao de satisfacción co módulo
Xeralmente, neste tipo de enquisas sempre boto man da orientadora do Departamento de Orientación e da súa orientadora sendo ela mesma quen propón ás enquisas e , en moitos casos, quen as pasa, para nos axudar à mellora da calidade educativo do noso ciclo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase a principio de curso e terá como obxectivo avaliar cal é o estado de coñecementos e habilidades individuais do alumnado e identificar posibles dificultades de aprendizaxe e problemas de comportamento. O equipo docente, pode adoptar decisións comúns cando así o requira a dinámica do grupo de alumnos.
Nos primeiros días entregarase un cuestionario a cada alumno/a do grupo para avaliar os coñecementos previos de aqueles contidos que son básicos para poder asimilar sen dificultades os contidos do módulo e para diagnosticar o grao de coñecemento dos mesmos. Tamén de forma complementaria, a profesora poderá preguntar ao alumnado sobre determinados aspectos do currículo para determinar o grao de coñecemento dos mesmos. En caso de detectar algunha deficiencia, se les enviarán actividades de reforzo cuxo contido variará en función das deficiencias atopadas

Ante a ausencia de persoas que amosen algún tipo de discapacidade non se levará a cabo ningún tipo de adaptación curricular, o que non quere dicir que non se trate de individualizar o máximo posible a ensinanza. Tratando de chegar a tódol@s alumn@s e modificando a disposición na aula e o xeito de transmiti-los contidos.

Pautas metodoloxicas de actuación para o alumno TDA:

- Planificación e organización das tarefas e actividades
- Fomentar o uso de esquemas, palabras crave e apoio visuais
- Dar instrucións verbais e escritas sinxelas e claras
- Darlle máis tempo para facer as probas
- Reforzo positivo para motivalo e aumentar a súa autoestima
- Exames con preguntas breves, resposta cerrada e vocabulario sinxelo
- Non sobrecargar de tarefas e supervisar os exercicios
- Colocar nun lugar cerca do profesorado e evitar as distraccións
- Promover a aprendizaxe en grupos interactivos.
- Promover a realización de debates.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo ha de ter como obxectivo conseguir un ensino máis adaptado a cada alumno/a de modo que poida desenvolver ao máximo todas as súas capacidades, non ceñíndose exclusivamente aos aspectos intelectuais e de coñecemento senón tendo en conta tamén os de axuste persoal, emocional e social.

A)As incluídas na estrutura da aula:

Este tipo de estratexias non modifica a organización do Centro nin do ciclo nin do nivel, concrétase dentro da aula. É, por tanto, fácil de realizar no sentido de que non require contar con máis medios persoais que o profesor da aula e nalgúns casos, os profesores que conten con horario destinado ao reforzo educativo.

Medidas tales como.

1.- Estratexias de Programación:

-Establecer, con claridade, os obxectivos mínimos a conseguir por todo o grupo

-Preparar actividades sobre un mesmo contido de repaso, de reforzo e de profundización variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se pon en xogo.

2.- Estratexias de Recursos Materiais:
-Banco de recursos con materiais que permitan realizar actividades de repaso, reforzo e profundización.
3.- Estratexias Espaciais.
-Localización do alumnado no sitio máis adecuado tendo en conta as características de cada neno.
-Localización das mesas en función do tipo de actividade que se vaia a realizar.
- Realización de tarefas de consulta, de reforzo, traballo independente, de ordenador, etc.
B) Estratexias Persoais:
-Axuda entre iguais: Titoría entre alumnos: un alumno ou alumna, considerado experta nunha habilidade ou contido determinados, instrúe ou axuda a outros que non o dominen.
-Aprendizaxe cooperativa: grupos heteroxéneos de alumnos/as que teñen o obxectivo de conseguir unha meta común; para conseguilo é imprescindible a participación de cada un dos membros do grupo.
-Traballo colaborativo en pequeno grupo (homoxéneos por capacidade ou por rendemento) ou en parella.
-Ensino compartido: presenza na aula de dúas ou máis profesionais que poden repartirse as tarefas, intercambiar roles e proceder a unha mediación máis individualizada. sempre en cando o centro teña a posibilidade de ter dous profesionais no mesmo grupo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O carácter transversal que a educación en valores ten, implica a súa inclusión en todos os momentos do proceso educativo. Debemos aproveitar o traballo da comunidade educativa para fomentar a tolerancia e o respecto, tanto ás persoas como ás súas ideas e á súa forma de vida.
Os temas transversais preséntanse como un conxunto de contidos que interactúan en todas as ensinanzas; non se trata, pois, dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón dunha serie de elementos da aprendizaxe sumamente globalizados que deben ser tratados en todos os módulos do ciclo formativo. Partimos do convencemento de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, pois orientan ao alumnado cara á transformación social e a realización persoal.
Ao longo do curso, atenderase ao desenvolvemento de aspectos relacionados coa conciliación da vida laboral e familiar e a non discriminación laboral (en especial, por razón de raza ou xénero). Así mesmo, tratarase o respecto e a valoración das opinións dos demais, mantendo sempre as relacións de paz e comprensión, tendo en conta a actitude crítica de cada un cara ao seu traballo. Ademais, desenvolveremos a adquisición da capacidade de traballo en equipo, do seguimento veraz de protocolos e do valor engadido das tarefas ben feitas.
Alén do anterior, trataranse, na medida do posible, outros aspectos transversais como a saúde laboral e a prevención de riscos laborais (oalumnado iniciarase nesta materia a través de protocolos de seguridade no traballo), educación medioambiental (a propósito dos residuos que, con

motivo da súa actividade profesional xerarán, implicándoos na conservación do medio ambiente) e a educación para a saúde, tema transversal por excelencia, tanto no ámbito profesional coma laboral (mediante a transmisión de condutas, hábitos e prácticas saudables).
Ao longo do módulo tamén se motorizara a linguaxe nas aulas, tanto entre a docente e o alumnado e entre o alumnado, eliminado ou substituíndo os adxectivos cualificativos pexorativos e palabras mal soantes. Isto farase coa proposta de vocabulario máis enriquecedor para así tamén ir formando para o mundo laboral onde a linguaxe é a carta de presentación.

A capacitación para o exercicio e as responsabilidades de unha profesión no se limita ao adquisición de determinados contidos, técnicas e procedementos. O futuro profesional do acondicionamento físico require coñecementos actualizados e integrados, de valores de redimensionamento humano para o exercicio profesional, que deben ser desenrolados dende o proceso de formación de forma intencionada e consciente pola institución educativa.
Na actividade profesional, será sempre necesario conxugar a dimensión cientifica do coñecemento coa dimensión ética e de valor, asegurando a formación integral e armónica das alumnas/os.

A programación atendera a una educación en valores.
A capacitación para o exercicio e as responsabilidades de unha profesión no se limita ao adquisición de determinados contidos, técnicas e procedementos. O futuro profesional do acondicionamento físico º require coñecementos actualizados e integrados, de valores de redimensionamento humano para o exercicio profesional, que deben ser desenrolados dende o proceso de formación de forma intencionada e consciente pola institución educativa.
Na actividade profesional, será sempre necesario conxugar a dimensión cientifica do coñecemento coa dimensión ética e de valor, asegurando a formación integral e armónica das alumnas/os.

O carácter transversal que a educación en valores ten, implica a súa inclusión en todos os momentos do proceso educativo. Debemos aproveitar o traballo da comunidade educativa para fomentar a tolerancia e o respecto, tanto ás persoas como ás súas ideas e á súa forma de vida.
Os temas transversais preséntanse como un conxunto de contidos que interactúan en todas as ensinanzas; non se trata, pois, dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón dunha serie de elementos da aprendizaxe sumamente globalizados que deben ser tratados en todos os módulos do ciclo formativo. Partimos do convencemento de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, pois orientan ao alumnado cara á transformación social e a realización persoal.
Ao longo do curso, atenderase ao desenvolvemento de aspectos relacionados coa conciliación da vida laboral e familiar e a non discriminación laboral (en especial, por razón de raza ou xénero). Así mesmo, tratarase o respecto e a valoración das opinións dos demais, mantendo sempre as relacións de paz e comprensión, tendo en conta a actitude crítica de cada un cara ao seu traballo. Ademais, desenvolveremos a adquisición da capacidade de traballo en equipo, do seguimento veraz de protocolos e do valor engadido das tarefas ben feitas.
Alén do anterior, trataranse, na medida do posible, outros aspectos transversais como a saúde laboral e a prevención de riscos laborais (o alumnado iniciarase nesta materia a través de protocolos de seguridade no traballo), educación medioambiental (a propósito dos residuos que, con
motivo da súa actividade profesional xerarán, implicándoos na conservación do medio ambiente) e a educación para a saúde, tema transversal por excelencia, tanto no ámbito profesional coma laboral (mediante a transmisión de condutas, hábitos e prácticas saudables).

Ao longo do módulo tamén se motorizara a linguaxe nas aulas, tanto entre a docente e o alumnado e entre o alumnado, eliminado ou substituíndo os adxectivos cualificativos pexorativos e palabras mal soantes. Isto farase coa proposta de vocabulario máis enriquecedor para así tamén ir formando para o mundo laboral onde a linguaxe é a carta de presentación.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

-Realizaranse charlas e coloquios co relación ao módulo
- Realizaranse sesións impartidas por expertos en Crossfit de diferentes centros para coñecer diferentes metodoloxias, análise de salas de adestramento polivalente e manexo de maquinas de musculación
- Visita de instalacions SEP para o estudo do seu funcionamento.
-Realizaranse sesións como mínimo en 4 ximnasios para analizar o seu funcionamento e realizar practicas nas instalacións. Estas actividades en ximnasios levaranse a cabo no segundo trimestre na que solicitarase o cambio de horario no luns para facer mañan e tarde e asi poder realizar as sesión de mañan nos ximnasios.

10.Outros apartados

10.1) utilización de instalacións externas

No desenrolo teorico-práctico do módulo levarase a cabo en instalacións de fitness externas ao centro.
Centros; Old metal Crossfit de Vilagarcia (sesiós de Crossfit), No Ximnasio de Center Arousa Padel (3 sesiós no ximnasio), Sesión fitness en Ximnasio municipal da Illa de arousa, 1 sesión en Instalación de Serviocio en Vilagarcia e no ximnasio Wonder e visita a centros deportivos na Coruña.
Para realización das practicas será necesario cambiar o horario do luns no segundo trimestre , realizando 3 sesións pola mañan e 3 sesións pola tarde.

10.2) Actuación ante o COVID

Realizaranse sesións de análise de instrumentos e maquinas dos diferentes ximnasios e as metodoloxias desenroladas nas diferentes empresas.